

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

*ORDE do 29 de decembro de 2021 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a contratación de auxiliares de conversa coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras (código de procedemento ED504E).*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recolle os obxectivos formulados pola Unión Europea para que as linguas sexan un medio para a construción da cidadanía europea, co fin de favorecer a mobilidade entre as persoas e o intercambio cultural e lingüístico.

Os decretos polos cales se establecen os currículos das distintas etapas de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria outórganlle especial importancia ao desenvolvemento da competencia comunicativa, tanto da lingua propia como das linguas estranxeiras.

Os centros plurilingües regúlanse pola Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de centros plurilingües de Galicia.

As seccións bilingües regúlanse pola Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.

Ao abeiro da Estratexia galega de linguas estranxeiras, EDUlingüe, continuadora do Plan de potenciación de linguas estranxeiras, e dentro do marco das actuacións que está a desenvolver a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o fomento do plurilingüismo nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, unha das liñas prioritarias é a dotación de auxiliares de conversa aos centros plurilingües e a aqueles que dispoñen de seccións bilingües. En consecuencia, de conformidade co exposto, e por proposta da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, como conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

ACORDO:

CAPÍTULO I

**Disposicións xerais**

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

O obxecto desta orde é regular o procedemento de solicitude e concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a centros privados concertados de educación primaria



e/ou de educación secundaria para a contratación de auxiliares de conversa coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras.

Esta convocatoria, para os efectos da súa identificación e acceso por parte das persoas interesadas –na sede electrónica da Xunta de Galicia– aos formularios de inicio, denomínase «Axudas a centros privados concertados para a contratación de auxiliares de conversa para mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras», código de procedemento ED504E.

## Artigo 2. *Financiamento e contía das axudas*

1. O financiamento das axudas previstas nesta orde efectuarase con cargo á partida orzamentaria 10.30.423A.482.0 por un importe máximo 500.000 € con cargo ao orzamento de 2022.

2. Esta convocatoria tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, téndose acreditado ao expediente que existe crédito adecuado e suficiente no Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2022 que dea cobertura orzamentaria do dito gasto.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 25.2 do citado Decreto 11/2009, a concesión das subvencións condiciónase á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto se entenderán condicionados a que, no momento de ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos os ditos actos.

3. Dado que esta convocatoria abrangue o labor da persoa auxiliar de conversa durante o curso 2021/22, o orzamento desta convocatoria pode cubrir os gastos orixinados entre setembro de 2021 e xuño de 2022.

4. A contía da axuda para cada centro determinarase en función da puntuación obtida no proxecto presentado de acordo cos criterios de valoración establecidos nos artigos 8 e 9 desta orde.



## CAPÍTULO II

**Finalidade das axudas e requisitos para podelas solicitar**Artigo 3. *Finalidade das axudas*

As axudas reguladas nesta orde poderanse utilizar para:

1. A contratación de auxiliares de conversa, que realizarán funcións de apoio á docencia da lingua estranxeira no centro docente.

2. A adquisición de material específico que sexa necesario para o desenvolvemento das clases de conversa, de carácter ordinario e non inventariable. Para a adquisición de material non se poderá superar o 10 % da axuda concedida.

Artigo 4. *Requisitos do centro e da persoa auxiliar*

Os centros privados concertados que desexen optar a estas axudas deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ter en funcionamento seccións bilingües ou ser centros plurilingües.

2. Dispoñer dunha persoa auxiliar de conversa que teña como lingua materna a lingua vehicular estranxeira que se imparte na aula e que posúa unha diplomatura, licenciatura, unha titulación de grao ou equivalentes. Tamén poderán desenvolver esta función os estudantes que, tendo como lingua materna a lingua vehicular estranxeira que se imparte na aula, estean a cursar o último curso académico dos seus estudos universitarios de grao ou equivalentes.

3. Formalizar un contrato coa persoa auxiliar de conversa, cunha duración non inferior a sete meses, de natureza laboral ou mercantil. No caso de persoas que desenvolvan esta función no marco de programas de formación vinculados a acordos con entidades ou organismos públicos e privados dos amparados polo Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participan en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, deberán acreditar a existencia do acordo en que se encadra a actuación da persoa auxiliar e os termos do desenvolvemento das prácticas. Do mesmo xeito, aquelas persoas auxiliares que accedan cun visado de estudos deberán cumprir co artigo 38 do Real decreto 557/2011, do 20 de



abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma pola Lei orgánica 2/2009. Igualmente, será preciso que todas as persoas auxiliares de conversa e os centros educativos cumpran coa lexislación vixente.

4. Non poderán ter a condición de beneficiarios das axudas previstas nesta orde os centros privados concertados en que se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia.

Para os efectos de simplificación da acreditación do cumprimento de obrigas coa consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a entidade beneficiaria presentará a declaración responsable prevista no artigo 11 do Regulamento da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recollida nos anexos I e II.

### CAPÍTULO III

#### **Solicitud e prazos**

##### *Artigo 5. Forma e prazo de presentación*

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo



for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

#### Artigo 6. *Documentación complementaria*

1. Os centros docentes deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación: un proxecto explicativo en que conste, como mínimo, a seguinte información:

a) Razóns que motivan a contratación.

b) Actividade/s que desenvolverán as persoas auxiliares de conversa.

c) Número de alumnos e alumnas, por curso e nivel educativo, que serán atendidos polas persoas auxiliares de conversa.

d) Datras de inicio e finalización do contrato da persoa auxiliar de conversa ou das prácticas no caso de programas de formación. En todo caso, o período de inicio e finalización estará comprendido entre o 1 de setembro de 2021 e o 30 de xuño de 2022.

e) Horario semanal da persoa auxiliar no centro docente.

2. A documentación complementaria deberase presentar electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

#### Artigo 7. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efetuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



**CAPÍTULO IV****Procedemento para a adxudicación das axudas****Artigo 8. Criterios de valoración**

1. Para a baremación da documentación presentada teranse en conta os seguintes criterios:

a) Número total de horas semanais de apoio da persoa auxiliar (máximo 6 puntos):

1º. Ata 12 horas: 2 puntos.

2º. Máis de 12 horas e ata 24 horas: 4 puntos.

3º. Máis de 24 horas: 6 puntos.

b) Número de alumnos/as con apoio de auxiliar en todo o centro (máximo 5 puntos):

1º. Ata 25 alumnos/as: 1 punto.

2º. De 26 a 50 alumnos/as: 2 puntos.

3º. De 51 a 100 alumnos/as: 3 puntos.

4º. Máis de 100 alumnos/as: 5 puntos.

c) Contar con programas de plurilingüismo: (máximo 16 puntos).

1º. Ser centro plurilingüe en primaria e/ou secundaria: 10 puntos.

2º. Desenvolver o programa PlurInfantil: 2 puntos.

3º. Desenvolver o programa PluriBach: 2 puntos.

4º. Desenvolver o programa PluriFP: 2 puntos.

d) Contar con seccións bilingües no centro (máximo 3 puntos):

1º. 1 ou 2 seccións: 1 punto.



2º. De 3 a 5 seccións: 2 puntos.

3º. Máis de 5 seccións: 3 puntos.

e) Número de alumnos e alumnas pertencentes a todas as seccións bilingües e/ou aulas plurilingües do centro (máximo 3 puntos):

1º. De 10 a 30 alumnos/as: 1 punto.

2º. De 31 a 180 alumnos/as: 2 puntos.

3º. Máis de 180 alumnos/as: 3 puntos.

2. En caso de empate, os desempates resolveranse aplicando sucesivamente os seguintes criterios:

a) Alínea a): maior número de horas semanais de apoio.

b) Alínea e): maior número de alumnos e alumnas pertencentes a todas as seccións bilingües e/ou aulas plurilingües do centro.

#### Artigo 9. *Dotación económica por puntuación*

1. Segundo a puntuación acadada polo proxecto, concederanse as seguintes subvencións:

a) Proxectos cunha valoración de 14 ou máis puntos: 6.000 €.

b) Proxectos cunha valoración de 13 puntos: 5.500 €.

c) Proxectos cunha valoración de 12 puntos: 5.000 €.

d) Proxectos cunha valoración de 11 puntos: 4.500 €.

e) Proxectos cunha valoración de 10 puntos: 4.000 €.

f) Proxectos cunha valoración de 9 puntos: 3.500 €.

g) Proxectos cunha valoración de 8 puntos: 3.000 €.



2. Os centros con proxectos que non acaden unha puntuación mínima de 8 puntos quedan excluídos.

3. Dadas as limitacións orzamentarias establecidas no artigo 2 desta orde, poden non recibir subvención centros docentes que obteñan unha puntuación superior á mínima.

4. O máximo da axuda para a contratación ou contraprestación económica dunha persoa auxiliar de conversa non superará os 6.000 € por centro docente.

5. Nunca se concederá axuda para a contratación ou contraprestación económica de máis dunha persoa auxiliar de conversa por centro docente.

#### Artigo 10. *Comisión de Valoración*

1. A valoración das solicitudes realizaraa unha comisión integrada polos seguintes membros:

a) Presidente/a: a persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional ou persoa en quen delegue.

b) Vogais: dous vogais, con categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou membros da Inspección educativa.

c) Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

2. A percepción de asistencias desta comisión de selección atenderá á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

### CAPÍTULO V **Resolución**

#### Artigo 11. *Resolución provisional*

Unha vez valoradas as solicitudes, a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional publicará no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal>) a proposta de resolución





provisional, co importe asignado a cada centro. A exposición abrirá un prazo de dez días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias á concesión das axudas ante a persoa que exerza a presidencia da Comisión.

#### Artigo 12. *Resolución definitiva*

1. Logo de analizadas e resoltas as reclamacións presentadas contra a resolución provisional, o secretario xeral de Educación e Formación Profesional elevará ao conselleiro de Cultura, Educación, e Universidade a proposta de resolución definitiva, na cal se sinalarán a concesión ou a denegación das axudas, así como, se é o caso, a exclusión daqueles centros docentes que non reúnan algún dos requisitos da convocatoria.

2. A resolución definitiva será ditada polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade e publicarase no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal>) e no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de tres meses, contado desde o remate do prazo de solicitude.

3. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme os artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. Se transcorre o prazo máximo que se sinala no parágrafo segundo deste artigo sen que se publique a resolución definitiva, os centros solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, para os efectos de interpoñer os recursos que proceda.

#### Artigo 13. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberase dar cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas



a subministrarlle á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

#### Artigo 14. *Renuncias*

1. Os centros docentes poderán renunciar á axuda nos dez días naturais seguintes ao da publicación da resolución provisional.

2. Se un centro renuncia á axuda despois deste prazo, non poderá concorrer á concesión desta nos dous cursos seguintes ao correspondente a esta convocatoria.

#### Artigo 15. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

## CAPÍTULO VI Pagamentos

### Artigo 16. *Pagamento*

1. O pagamento da axuda farase ao remate do mes de outubro de 2022.

2. O pagamento das axudas concedidas farase de conformidade co disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, polo que se desenvolve o procedemento de aprobación do gasto e pagamento de subvencións de Galicia.

### Artigo 17. *Documentación*

1. Para o pagamento, o centro docente concertado terá que presentar:

a) Facturas a nome do centro.

b) Nóminas e outros documentos acreditativos dos gastos derivados da execución das actividades subvencionadas no ano 2021 e no ano 2022.

c) Xustificación bancaria de que o pagamento do seu importe foi efectuado á persoa auxiliar de conversa.

d) Anexo II, declaración doutras axudas, cuberto e asinado.

e) Relación de gastos mensuais e a suma total que se xustifica para o pagamento.

2. Os documentos acreditativos dos gastos deberán reunir todos os requisitos exixidos pola normativa vixente. Se a xustificación está incompleta ou é incorrecta, pagarase unicamente a cantidade da axuda concedida correctamente xustificada.

3. Para o pagamento, o centro presentará, xunto cos documentos citados no número 1 deste artigo e antes do 8 de setembro de 2022, a seguinte documentación:

a) Un documento acreditativo de que a persoa auxiliar de conversa ten como lingua materna a lingua vehicular estranxeira de aula.



b) Un documento acreditativo dos estudos universitarios da persoa auxiliar de conversa.

c) Unha memoria das actividades realizadas, asinada pola persoa representante legal do centro, conforme o proxecto explicativo presentado coa solicitude, que permita asegurar a relación directa dela cos xustificantes de gasto que se acheguen.

4. Para os efectos do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deberá presentar a declaración responsable recollida no número 4 do artigo 4 desta orde, no momento da solicitude e do pagamento.

#### Artigo 18. *Seguimento da actividade da persoa auxiliar de conversa*

A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional realizará o seguimento do proxecto subvencionado a través dos servizos provinciais da Inspección educativa. Para facer ese seguimento a Inspección educativa realizará, como mínimo, unha visita no ano 2022, na medida en que sexa posible. Nas visitas comprobarase que o desenvolvemento das actividades se axusta á programación subvencionada e, unha vez finalizado o seguimento, elaborárase un informe que servirá para a posterior avaliación do aproveitamento da subvención.

#### Artigo 19. *Fiscalización e control*

1. Os centros beneficiarios quedarán obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e de control do destino das axudas.

2. Así mesmo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá realizar, en calquera momento e ata transcorridos tres anos a partir da resolución de concesión das axudas, as comprobacións e as avaliacións que considere oportunas sobre as actuacións realizadas e a xustificación.

3. Os centros beneficiarios darán a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades que foron obxecto de subvención.

#### Artigo 20. *Perda do dereito ao cobramento da axuda*

1. O centro docente perderá o dereito ao cobramento da axuda polas seguintes causas:



a) Xustificación de forma incompleta ou fóra de prazo.

b) Incumprimento dos fins ou obxectivos para os cales se concedeu.

c) Perda da capacidade xurídica ou de obrar, ou inhabilitación para ser beneficiario de subvencións e axudas públicas, nos termos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. De concedérselle outra subvención por esta mesma finalidade no prazo de vixencia desta convocatoria, a entidade terá que comunicalo á Administración, segundo dispón o artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para que, en aplicación do seu artigo 17.3, o importe da subvención se minore, co fin de que, illadamente ou en concorrencia coas subvencións concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, non supere o 100 % do investimento.

3. No caso de que se revogue a axuda, o centro docente terá que reintegrar as cantidades percibidas e os xuros de demora xerados desde o momento do seu pagamento, nos termos que figuran nos artigos 33 a 38 da referida Lei 9/2007, do 13 de xuño.

## CAPÍTULO VII Disposicións derradeiras

Disposición derradeira primeira. *Recursos*

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposición derradeira segunda. *Competencias*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para adoptar todas as actuacións e medidas que sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento do previsto nesta orde.



Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade






**RELACIÓN DE SECCIÓNS BILINGÜES NO CURSO 2021/22**

Etapa educativa	Curso	Grupo	Nº alumnos/as	Área ou materia

**ÁREAS PLURILINGÜES NO CURSO 2021/22**

Etapa educativa	Curso	Nº alumnos/as	Área ou materia

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.  
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.  
 3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.  
 4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.  
 5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Proxecto explicativo en que se fagan constar as actuacións que vai desenvolver a persoa auxiliar de conversa contratada.





**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

**LEXISLACIÓN APLICABLE**


Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a contratación de auxiliares de conversa coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras (código de procedemento ED504E).

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE

## ANEXO II

**DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS**

ED504E - AXUDAS A CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE CONVERSA PARA MELLORAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO EN LINGUAS ESTRANXEIRAS

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

CENTRO EDUCATIVO

CÓDIGO

NIF

<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
----------------------	----------------------	----------------------

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
----------------------	----------------------	----------------------	----------------------

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------

**Xacobeo 21-22**

Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional

**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>